



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

MATERIA: EDUCACIÓN MUSICAL		NIVEL: 1º		MESTRE RESPONSABLE: JORGE BERNAL RIVAS	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencia	Criterio de cualificación (% mínimo a acadar)		
B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.	EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita de audicións.	CSC	33,3%		
B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).	EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.	CCEC, CAA	26,6%		
B3.2. Repetir e identificar algúns ritmos propostos.	EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.	CCEC	33.3%		
B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	EMB2.3.1. Interpreta individualmente un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	CCEC, CSC	33.3%		

2. Avaliación e cualificación



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Avaliación	Procedementos: <ul style="list-style-type: none">• Rexistro da afinación cando cantan. (baseado no 1º e 2º trimestre)• Rexistro do ritmo se o levan ben. (baseado no 1º e 2º trimestre)• Rexistro do interese pola música. (baseado no 1º e 2º trimestre)
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none">• Traballos feitos na clase. (baseado no 1º e 2º trimestre)• Proposta de sinxelos traballos durante 3º trimestre para que poidan realizar e seguir sen complicación durante confinamento.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Sobre todo terase en conta as avaliacións do primeiro e segundo trimestre (95%) e o terceiro trimestre valorarase só un 5% que virá dado polo interese amosado durante o confinamento, sempre en aumento.



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Neste trimestre as actividades propostas foron de repaso e reforzo dos contidos dos dous primeiros trimestres. A través dalgunhas ligazóns fixen propostas co fin de traballar o oído interno e o sentido do ritmo a través de cancións audicións e musicogramas. Para traballar na casa coas ligazóns enviadas, douvos algúns consellos para a autocorrección.</p> <p>P</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>No caso do alumnado sen conectividade, a estou seguindo os mesmos procedementos que os titores de primeiro. Eu estou en contacto con eles e tomo as mesmas decisións co xeito de lograr a comunicación e establecer unhas regras de enfoque.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">• Medios audiovisuais que teñen nos seus fogares como conexión a internet, móbiles e dispositivos de música.

4. Información e publicidade



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP A Maía

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Información ao alumnado e ás familias	Abalar e correo electrónico
Publicidade	https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipamaia/